

PLAN DE RECUPERACIÓN DE MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I PENDENTE DE 1º BACHARELATO:

Cando o alumnado promociione a cursos superiores coa materia Matemáticas Aplicadas ás CCSS I pendente, o plan de reforzo para a recuperación de dita materia constará de:

- a) Dous exames parciais, un en xaneiro e outro en abril. Cada un deles terá un peso do 50% xa que a materia do curso anterior repartirase entre os dous de xeito equitativo.
- b) Entrega dunha listaxe de exercicios e problemas cuxos enunciados daranse en persoa e subiranse á aula virtual do centro xunto cos contidos que entran en cada parcial, cun mínimo dun mes de antelación á data do exame. Estes exercicios servirán para orientar ao alumnado do que debe preparar.

Opcións para dar a materia pendente por aprobada:

- Ter unha nota de 5 ou máis en cada un dos exames parciais.
- No caso de non superar as dúas partes, ou unha delas, en maio haberá unha nova oportunidade de recuperar a materia, ben cun exame global en caso de non ter superada ningunha das partes, ben cun exame da parte non superada nos exames parciais. Para recuperar deberá ter unha nota de 5 ou máis no exame.

PLAN DE RECUPERACIÓN DE MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I PENDENTE DE 1º BACHARELATO:

DATA DO PRIMEIRO EXAME: 12 de Xaneiro de 2026

CONTIDOS que entran na primeira proba:

- **Intervalos da recta real**
- **Radicais:** Operacións con radicais e racionalización
- **Logaritmos:** Concepto de logaritmo e propiedades
- **Ecuacións:** resolución de ecuacións de grao superior a 2, ecuacións racionais, ecuacións irracionais, ecuacións exponenciais e logarítmicas.
- **Sistemas de ecuacións:** resolución de sistemas de ecuacións lineais, resolución de sistemas de inecuacións non lineais e problemas de aplicación.
- **Sistemas de inecuacións:** resolución de sistemas de inecuacións de grao 1 e grao 2, resolución de sistemas de inecuacións con dúas incógnitas e problemas de aplicación.
- **Matemática financeira.**

DATA DO SEGUNDO EXAME: 13 de Abril de 2026

CONTIDOS que entran na segunda proba

- **Funcións:** cálculo do dominio de funcións, operacións con funcións, composición de funcións e cálculo da función inversa dunha dada.
- **Representación de funcións:** representación básica dunha función definida a cachos.
- **Límites:** cálculo de límites e cálculo de asíntotas dunha función
- **Continuidade:** concepto de continuidade e determinación da continuidade de funcións definidas a cachos.
- **Derivadas:** cálculo de derivadas de funcións sinxelas e aplicación das derivadas para determinar o crecemento de funcións tamén sinxelas.
- **Probabilidade:** conceptos básicos de probabilidade, operacións con sucesos, Leis de Morgan, Regra de Laplace, definición axiomática de probabilidade e propiedades, experimentos compostos, probabilidade condicionada, independencia de sucesos e Regra das probabilidades totais